



LUGO SEMANA SANTA 2016



Xunta de Confrarias

Estamos celebrando el Jubileo extraordinario de la Misericordia, convocado por nuestro Papa Francisco. Las celebraciones y procesiones, nuestras devociones de esta Semana Santa, pueden ayudarnos a recordar -o a descubrir- que la vivencia de la misericordia está en el centro de toda nuestra existencia cristiana, que no se trata en absoluto de algo sólo sentimental o secundario dentro de las luchas y tareas de la vida.

El Hijo de Dios ha entrado en nuestra historia, se ha hecho hombre, ha nacido de la Virgen María. Y, como quien ama hasta el final, quiso quedarse con nosotros, llegando hasta la cruz y la resurrección, para asegurar nuestra vida, nuestra victoria sobre el mal, la injusticia y la muerte.

Con Jesús, el Señor, desaparece la oscuridad interior, el no saber para qué vivir, para qué sufrir o sacrificarse. Desaparece el miedo, porque Su amor es fiel. Él se compadece de nuestras miserias y, en primer lugar, de nuestra infidelidad, de la ambigüedad y falsedad del corazón, del pecado cometido; sabe perdonar.

Esta verdad, que celebramos en todos los actos de esta Semana, que contemplamos en nuestros pasos y procesiones, nos acompaña y sostiene a lo largo del año, especialmente a través de los sacramentos de la reconciliación y de la Eucaristía

No renegar de esta verdad profunda, de Jesucristo, a quien honramos estos días en su Pasión y Resurrección, es una opción fundamental que determina la manera de vivir de cada uno. Conociendo el Amor y la Misericordia de Dios, seremos libres en cualquier circunstancia, porque nadie podrá arrebatarlos al que es la paz de nuestro corazón.

Y tendremos un criterio de juicio nuevo y propio, que recordamos especialmente en la Semana Santa y que puede transformar el mundo: amar como Él nos ha amado.

+ Alfonso Carrasco Rouco.
Bispo de Lugo



Estamos a celebrar o Xubileo extraordinario da Misericordia, convocado polo noso Papa Francisco. As celebracións e procesións, as nosas devocións desta Semana Santa, poden axudarnos a lembrar -ou a descubrir- que a vivencia da misericordia está no centro de toda a nosa existencia cristiá, que non se trata en absoluto de algo só sentimental ou secundario dentro das loitas e tarefas da vida.

O Fillo de Deus entrou na nosa historia, fíxose home, naceu da Virxe María. E, como quen ama ata o final,

quixo quedar connosco, chegando ata a cruz e a resurrección, para asegurar a nosa vida, a nosa vitoria sobre o mal, a inxustiza e a morte.

Con Xesús, o Señor, desaparece a escuridade interior, o non saber para que vivir, para que sufrir ou sacrificarse. Desaparece o medo, porque o Seu amor é fiel. El compadécese das nosas miserias e, en primeiro lugar, da nosa infidelidade, da ambigüidade e falsidade do corazón, do pecado cometido; sabe perdoar.

Esta verdade, que celebramos en todos os actos desta Semana, que contemplamos nos nosos pasos e procesións, acompañanos e sosténnos ao longo do ano, especialmente a través dos sacramentos da reconciliación e da Eucaristía. Non renegar desta verdade profunda, de Xesucristo, a quen honramos estes días na súa Paixón e Resurrección, é unha opción fundamental que determina a maneira de vivir de cada un. Coñecendo o Amor e a Misericordia de Deus, seremos libres en calquera circunstancia, porque ninguén poderá arrebatarlos ao que é a paz do noso corazón.

E teremos un criterio de xuízo novo e propio, que lembramos especialmente na Semana Santa e que pode transformar o mundo: amar como El nos amou.

+ Alfonso Carrasco Rouco.
Obispo de Lugo

Viernes, 11 de marzo

PREGÓN SEMANA SANTA



As 20.30 h. no SALÓN REXIO DO CÍRCULO DAS ARTES
Rvdo. JOSÉ MARIO VÁZQUEZ CARBALLO.-

Doutor en Teoloxía, Vicario Xeral da Diocese, Deán da Catedral de Santa María de Lugo, Profesor do Instituto Teolóxico Lucense e profesor da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Formación do Profesora-do.

Neste acto haberá un CONCERTO a cargo do CORO DE VOCES BRANCAS "CANTAR DELAS", que, baixo a dirección de D. Fernando Gómez Jácome, interpretarán as seguintes obras:

1. Hodie Christus natus est
Antiphona ad Introitum (Gregoriano)
2. Laudate Dominum
Julio Domínguez
3. Panis angelicus
G. Baini
4. Media vita
Antifona medieval (arr: Michael McGlynn)



Desde 1928

Ornamentos litúrgicos
Orfebrería religiosa
Iconos, dípticos y trípticos
Imágenes religiosas
Lampadarios
Mobiliario
Consumibles
Complementos



Martinez

Artículos Religiosos

Teléfono de venta
982 242 107
982 253 393
982 223 237

San Froilán, 22
27001 LUGO

art-martinez@terra.com
www.almacenesmartinez.com

Sábado, 12 de marzo

CONCERTO DE MÚSICA SACRA

As 18.00 h. na CATEDRAL DE LUGO

BANDA FILARMÓNICA DE LUGO

Programa:

- | | |
|---|-------------|
| 1. Marcha e Canzona para os funeráis da Reina Mary..... | H. Purcell |
| 2. Mater Mea..... | R. Dorado |
| 3. Toccata y Fuga en Rem..... | J.S. Bach |
| 4. Lux Aurumque..... | E. Whitacre |
| 5. La Madrugá..... | A. Moreno |
| 6. Marcha Fúnebre..... | F. Chopin |

Dirixe: D. Iván Martínez Sabio



**CORTINAJES
CARLOS**

San Froilán, 21 - 23 LUGO

Tfno./Fax: 982 22 35 20 correo@cortinajescarlos.com



Xoves, 17 de marzo

“II CONCERTO CORAL DE SEMANA SANTA”

As 20.00 h. na IGREXA DE SANTIAGO “A NOVA”

Coa participación de:

ORFEÓN XOÁN MONTES

Programa:

- | | |
|-------------------------------|-------------------|
| 1. Sanctus..... | Franz Schubert |
| 2. Eses ollos grandes..... | Enrique Alvarelos |
| 3. Canticorum iubilo..... | G.F. Haendel |
| 4. Panis Angelicus..... | Casciotini |
| 5. Ruinas de un monasterio... | Sthele |
| 6. Signore delle cime..... | Giuseppe de Marzi |
| 7. Oh rostro ensangrentado... | J.S. Bach |

Dirixe: D^a Elisabet Filgueira Gesteira



CORO DE NENOS DA PARROQUIA DE SANTIAGO “A NOVA”

Dirixe: Rvdo. Luis Varela Castiñeira



Programa:

Por definir

Viernes, 18 de marzo

“VÍA CRUCIS DA MISERICORDIA”



As 20.15 h. na IGREXA PP. FRANCISCANOS

Preside Monseñor Carrasco Rouco, Bispo da Diocese.

O solemne Vía Crucis dará comezo no Convento Franciscano, Praza Santa María (1ª estación), Bó Xesús e por dentro da Catedral. Saída da Catedral por Pío XII, Bó Xesús e Praza de Santa María, diante do Bispado (última estación e remate).

No Vía Crucis saerá o Paso do CRISTO DA MISERICORDIA que é venerado na Igrexa de Santiago “A Nova”, a ombreiros de coarenta mulleres.

Prégase ás persoas asistentes que porten candeas acesas e que garden absoluto silencio durante toda a celebración e percorrido.



gafas.es
gafas tradicionais
Ortopedia,
óptica, Audifonos y
Protección
de Riesgos Laborales
Plaza del Ferrol, 6
T. 982 247 114

Buscamos 2.000 participantes

ESTUDIO DE LA ADAPTACIÓN A PROGRESIVAS

Obtendrás gafas progresivas completas con cristales de tecnología 100% alemana

solo **199€**
en vez de más de 700 €



Arte & Sana
Bier Shop

Rúa Nova, 7



Domingo de Ramos, 20 de marzo

“ A BORRIQUIÑA ”

Mañá, 11.30 h.:

BENDICIÓN DE RAMOS e PROCESIÓN DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén.

ITINERARIO: Praza de Santa María, Praza Maior, Rúa Raiña, Armanyá e Praza Maior.

Os nenos e nenas da Confraría da Entrada Triunfal desfilarán belamente ataviados de soldados romanos e hebreos con palmas. Ó remate, sigue a Santa Eucaristía na Catedral.

“ VIRXE DAS DOLORES ”

Tarde, 19.00 h.:

PROCESIÓN DA VIRXE DAS DOLORES

ORGANIZA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Convento Franciscanos, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, Praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raiña, Praza Maior e remata diante do Convento Franciscano.

Nesta procesión sairán dous pasos: a Virxe das Dolores, a ombreiros de homes confrades e escoltado por un nutrido grupo de mulleres ataviadas de Mantilla Española, e a Veracruz, a ombreiros de mulleres confrades. Acompañará todo o percorrido a Banda Municipal de Meira, e ao remate da procesión, intervirá o Orferón Xoán Montes, interpretando a “Salve Raiña”.



Luns Santo, 21 de marzo

“VIRXE DA ESPERANZA”



Ás 20.30 h.:

PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA

ORGANIZA: Insigne Confraría da Virxe da Esperanza.

ITINERARIO: Igrexa da Nova, Praza Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raiña, Praza Maior (diante do Concello) e remate na Praza Anxo Fernández Gómez.

Nesta procesión participa a Armada Española (Irmán Maior Honorario) . Sairá con dous pasos: a Virxe da Esperanza e a Oración no Horto das Oliveiras, a ombreiros de confrades. O remate da procesión, a Armada Española entonará a “Salve Mariñeira”.



Confitería RAMÓN

C/ Dr. Castro, 8 (LUGO)

Tfno. 982 230 944



Martes Santo, 22 de marzo

“BO XESÚS”

Ás 20.30 h.:

PROCESIÓN DO BO XESÚS E DO NAZARENO

ORGANIZA: Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús e do Nazareno.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Bó Xesús, Praza Santa María, Casas Nóvoa, Praza Maior, Armanyá, Sto. Domingo, Rúa da Raiña, Praza Maior, Praza Santa María, Bó Xesús e Catedral.

Esta procesión sairá con dous pasos: o Bó Xesús e o Nazareno. Participa una unidade da Brilat “Galicia VII”, que escoltará a procesión durante todo o seu percorrido interpretando un canto no seu remate.



STANDS PUBLICIDAD CONGRESOS
ASESORAMIENTO WEB FERIAS
IMAGEN PRENSA FIESTAS GESTION
INSTALACIONES SEÑALETICA
VALLAS LONAS FOTOGRAFIA
BANDERAS RADIO TV
IMPRENTA DISEÑO ROTULACION
MOBILIARIO URBANO

ca
Comunicación & Eventos

facebook twitter GARCÍA Abad, 6 -10- Entresuelo 2 Lugo T 982 807 294 M 608 546 08 info@cacomunicacion.es



Mércores Santo, 23 de marzo



“CRISTO DO PERDÓN”

Mañá, 11.00 h.:

S. I. Catedral Basílica : MISA CRISMAL

Presidida polo Bispo, Monseñor Carrasco Rouco, e concelebrada polos sacerdotes da Diócese. Nesta celebración, que manifesta a comunión do Bispo cos seus presbíteros, bendínanse os óleos que despois se reparten ás parroquias da Diócese para a administración dos sacramentos ao longo do ano.

Tarde, 20.30 h.:

PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E DA VIRXE DA PIEDADE E VIA CRUCIS PENITENCIAL.-

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Bó Xesús, Casas Nóvoa, Praza Maior, Rúa da Raiña, Santo Domingo, Rúa da Raiña, Praza Maior, Casas Nóvoa, Bó Xesús e Catedral.

Sae esta procesión con dous pasos: o Cristo do Perdón e A Virxe da Piedade. Membros do Instituto da Garda Civil, Irmán Maior Honorario, danlle escolta á imaxe do Cristo do Perdón. Ao chegar á rúa da Raiña, celebrarase o tradicional VÍA CRUCIS



Pol. Industrial Matela 1 - Parcela, 17
27150 Outeiro de Rei (Lugo)

Tel. 982 209 681 - Fax 982 207 204

www.indusagri.es - indusagri@indusagri.es

Xoves Santo, 24 de marzo

“SANTA CEA”



18.00 h.:

S. I. Catedral Basílica : EUCARISTÍA DA SANTA CEA

Presidida polo Bispo da Diócese, Dr. D. Alfonso Carrasco Rouco, onde se fai memoria da Santa Cea coa institución da Eucaristía e do sacerdocio. O lavatorio dos pés lembra que, con este xesto realizado por Xesús no Cenáculo, Él anticipou o sacrificio supremo do Calvario, e deixounos como nova lei -"mandatum novum"- o seu amor.

Tarde, 19.30 h.:

PROCESIÓN DA SANTA CEA

ORGANIZA: Confraría Sacramental da Santa Cea do Señor.

ITINERARIO: Catedral, Bó Xesús, Praza Santa María, Praza Maior, Praza Santa María, Bó Xesús e Catedral.

A Reserva do Santísimo ten en Lugo un especial significado histórico e litúrxico, pois a Basílica lucense goza do privilexio inmemorial da súa Exposición Continua no esplendoroso altar maior. Dende 1963 está vixente o novo privilexio de trasladar procesionalmente a Sagrada Forma polas rúas da cidade.

O paso da Santa Cea, con esculturas de tamaño natural, inclúe sobre a mesa o grande e suntuoso tabernáculo procesional, dentro do que se instala o viril ou custodia de man.

PARA FACILITAR O TRÁFICO E FACILITAR O ACCESO ÁS SALAS DE FUMAR, NO

JAGERLOUNGE

DE FUMAR EN OPORTO E ALCOHOL EN OPORTO E ALCOHOL EN OPORTO

cenas de empresa, catering para eventos,
servicio de barra con gin tonics especiais

MENÚ ESPECIAL SEMANA SANTA

- Zamburiñas con jamón y gelatina de Petroni
- Terrina de Txangurro con pico de gallo y chips de yuca
- Solomillo de buey al oporto con ciruelas pasas
- Totaki de salmón
- Torrijas de miel y canela
- Filleos de aguardiente de Augadomiño

18€



C/ de la cruz 20 - LUGO
605 790 889 - 629 833 826

Venres Santo, 25 de marzo

“SANTO ENTERRO”

Mañá, 12.00 h.:

S. I. Catedral Basílica : SERMÓN DAS SETE PALABRAS

Acto de piedade que comenta as palabras de Cristo na Cruz.

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade

PREDICADOR: Rvdo. José Fernández

Tarde, 18.00 h.:

S. I. Catedral Basílica: CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR

Presidida polo Bispo da Diócese, Dr. Alfonso Carrasco Fernández.

Tarde, 18.30 h.:

Igrexa Conventual PP. Franciscanos: ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR

ORGANIZA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

“...é o Desencravo, dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos a maioría dos fieis que enchen o fermoso templo.” (Vicente Risco, describindo este emotivo e fermoso acto).

Para este acto emprégase unha imaxe articulada de Cristo que será descendido por confrades.

Tarde, 20.00 h.:

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO


ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar e Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Praza da Soidade, Tcnel. Teijeiro, Armanyá, Conde Pallares, Praza de Santa María onde se incorporan todas as irmandades cos seus pasos-, Praza Maior por franciscanos e por diante do Concello,Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Tcnel. Teijeiro e remate no fondo de Sto. Domingo.

Esta procesión, a máis antiga de Lugo, sae cos pasos da Virxe da Soedade e do Cristo Iacente. Dende o ano 1948 incorpórase o paso do Desencravo, e dende o ano 2001, o paso de O Descendido que anteriormente é baixado da Cruz polos confrades no Acto do Desencravo, e que será escoltado por membros da Policía



RESTAURANTE
ANTAS



JORNADAS DEL
COCIDO HASTA 31 DE MARZO

DESDE EL 18 DE MARZO JORNADAS
DEL BACALAO Y TRUCHAS

Autonómica, Irmáns Maiores Honorarios de esa decana Confraría, e portada a ombreiros de mulleres confrades.

É o acto central da Semana Santa, e as outras Irmandades súmanse ás 20:15 ó seu paso ó carón da Praza de Santa María.

PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE “AS CALADIÑAS” (SUSPENDIDA)

Este ano queda SUSPENDIDA por mor das obras que se realizan da Capela da Soidade. En caso de organizar algún acto en substitución avisarase a través da prensa local.

Sábado Santo, 26 de marzo

“VIRXE DA PIEDADE”



Mañá, 08.30 h.:

PENITENCIAL DA VIRXE DA PIEDADE, SANTO ROSARIO E VIA CRUCIS

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Bó Xesús, Praza Santa María, Praza Maior, Praza Santa Maria, Bó Xesús e Catedral.

Sae esta procesión co paso da Virxe da Piedade.

Mañá, 23.00 h.:

I. Catedral Basílica :SOLEMNE VIXILIA PASCUAL

Que preside o Sr. Bispo da Diocese. Á noiteña do Sábado Santo comeza a solemne Vixilia Pascual, a “nai de todas as Vixilias”. Despois de bendicir o Lume Novo, acéndese o Cirio Pascual, símbolo de Cristo que ilumina a todo home, e resoa xubiloso o gran anuncio do Exsultet (alegría pola resurrección). A comunidade eclesial, escoitando a Palabra de Deus, celebra a liberación definitiva da escravitude do pecado e da morte. Celebramos o paso da morte á vida.

Tosar

Café-Bar Taparía

Domingo de Resurrección, 27 de marzo

“DOMINGO DE RESURRECCIÓN”

Mañá, 11.40 h.:

PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

ITINERARIO: Concello, paseo central da Praza Maior, Casas Nóvoa, Praza de Santa María, Bo Xesús e praza de Pío XII.

Esta curta procesión, na que Santa María vai ó encontro do seu fillo resucitado, ten unha especial solemnidade e significación.

A imaxe da Virxe do Rosario, Patroa especial do Concello de Lugo, vai o encontro do seu Fillo Resucitado.

Esta procesión sairá acompañada por persoal do Concello de Lugo.

Mañá, 12.00 h.:

S. I. Catedral Basílica : SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE RESURRECCIÓN

Monseñor Carrasco Rouco preside esta Eucaristía. Asisten autoridades civís e eclesiais e unha representación das confrarías, xa sen o capuz, simbolizando a alegría pola Resurrección. Mañá,

13.30 h.:

(ó rematar a Misa): PROCESIÓN DO CRISTO RESUCITADO

ITINERARIO: Praza Santa María, Praza Maior, Rúa da Raiña, Sto. Domingo, San Marcos e remate na Igrexa de San Froilán.

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén

Simboliza o encontro de Xesús resucitado, vencedor da morte, co seu pobo renovado, e inmediatamente despois do encontro coa súa Nai. Membros das outras confrarías acompañarán este Paso.



OUTRAS CELEBRACIÓNS

NOVENA VIRXE DAS DOLORES - SUSPENDIDA

Este ano queda suspendida a causa das obras na Capela da Soidade

BICAPÉS DE XESÚS NAZARENO

De 10.00 a 14.00 h. - de 17.30 a 19.00 h. S. I. Catedral Basílica • 20 de marzo - Domingo de Ramos

ORGANIZA: Confraría Episcopal e Catedralicia do Bon Xesús.

AVISOS IMPORTANTES:

- Os Actos que se celebren dentro da Catedral, irán acompañados polo ORFEÓN LUCENSE, baixo a batuta de D. Marcos Manuel Fernández Mosquera
- Os percorridos poderán sufrir variacións a causa das obras das rúas e prazas de lugo. Nese caso, avisarase con antelación a través dos medios de comunicación locais, das redes sociais, e a páxina web da Xunta de Confrarías (www.semanasantadelugo.com)
- Debido as obras na Capela da Soidade (O.F.S.) e danos causados nas imáxenes, suspéndense os actos xa sinalados no programa, para evitar máis deterioración a estas imaxes e pola propia seguridade dos asistentes.

A Orde Franciscana Segrar, e a Xunta de Confrarías, piden desculpas a todos os lucenses e visitantes, e xa están a traballar para emendar estes inconvenientes.

HORARIOS EN PARROQUIAS E COMUNIDADES

PARROQUIAS	XOVES SANTO		VENRES SANTO		SÁBADO SANTO	
	MISA DA CEA DO SEÑOR	VIXILIA DE ORACIÓN	VÍA CRUCIS	CELEBRACIÓN DA PAIXÓN	ROSARIO	VIXILIA PASCUAL
S.I. CATEDRAL BASÍLICA*	6:00 tarde	10:00 noite	--	6:00 tarde	--	11:00 noite
S. PEDRO	5:00 tarde	--	11:30 mañá	5:00 tarde	11:00 mañá	9:00 noite
SANTIAGO A NOVA	8:00 tarde	11:00 noite	12:00 mañá	5:30 tarde	--	9:00 noite
NOSA SEÑORA DAS FONTEIÑAS	6:30 tarde	--	--	6:30 tarde	--	--
SAN FROILÁN	7:00 tarde	--	7:00 tarde	5:00 tarde	11:00 mañá	8:30 noite
SAN ANTONIO	5:00 tarde	10:00 noite	12:00 mañá	4:00 tarde	12:00 mañá	8:30 noite
SAGRADO CORAZÓN	5:00 tarde	8:00 tarde	12:00 mañá	5:00 tarde	11:00 mañá	9:30 noite
SANTIAGO CASTELO	6:30 tarde	--	6:30 tarde	--	--	--
A MILAGROSA	5:00 tarde	10:00 noite	12:00 mañá	5:00 tarde	12:00 mañá	10:00 noite
SAN LORENZO DE ALBEIROS	5:00 tarde	--	6:15 tarde	5:00 tarde	--	9:00 noite
SAN FRANCISCO JAVIER	5:00 tarde	10:00 noite	11:00 mañá	5: 00 tarde	--	10:00 noite
BUEN PASTOR	8:00 tarde	--	5:30 tarde	6:00 tarde	--	10:00 noite
SAN JOSÉ GÁNDARAS	5:00 tarde	--	12: 00 mañá	5: 00 tarde	--	8:30 noite
SAN LÁZARO A PONTE	5:00 tarde	--	--	5: 00 tarde	--	--
PIUGOS	6:30 tarde	--	--	6:30 tarde	--	--
PP FRANCISCANOS	7,30 tarde	--	6:30**	5:00 tarde	--	8:00 noite
MM SALESAS	5:00 tarde	--	--	4:00 tarde	--	8:00 noite
MM AGUSTINAS	5:00 tarde	--	--	5:00 tarde	--	8:00 noite
HERMANAS DE LA CRUZ	6:30 tarde	--	--	4:30 tarde	--	9:30 noite
RESIDENCIA SAN ROQUE	4:00 tarde	--	--	4:00 tarde	--	8:00 noite
CAPILLA DA SOIDADE	4:00 tarde	--	--	3:00 tarde	--	--

*Domingo de Ramos, Praza de Santa María: Bendición 11:30 h., a continuación procesión/eucaristía.
 Mércores Santo, Misa Crismal 11:00 h. // Venres Santo, Sermón 7 palabras 12:00 h.

** Venres 6:30 da tarde, Acto do Desenravo.

HORARIOS SUSCEPTIBLES A VARIACIONES CONSULTAR CON PARROQUIA.



Xunta de Confrarías

PATROCINAN:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

COLABORA:

